




**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O  
CONCELLO DE RIBEIRA PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO DENTRO  
DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA.**

A Coruña, 9 de xuño de 2017

**REUNIDOS**



Dunha parte, José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

E doutra, Manuel Ruiz Rivas, alcalde-presidente do Concello de Ribeira, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que lle son recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

**EXPOÑEN**




I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social correspóndenlle, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; así mesmo, correspóndelle o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

II. Que o Concello de Ribeira, de conformidade co artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, pode asumir competencias na xestión das políticas en materia de xuventude como consecuencia do asinamentos de convenios, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración Local.

III.- Que entendendo a importancia de promover as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural, por medio dunha política descentralizada tendente a satisfacer as demandas xuvenís e no senso de mellorar a formación integral da mocidade galega, ambas as dúas partes son conscientes da



importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.



IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que revertern directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo: ambiental, patrimonial, arqueolóxica, social, etc; traballos diversos, como labores de conservación ambiental: limpeza de maleza e recollida de lixo, prevención de incendios e rexeneración de áreas queimadas, acondicionamento de camiños; protección da paisaxe tradicional e conservación de especies autóctonas; traballos de bioconstrución, recuperación de muíños e outros elementos da arquitectura popular, recuperación de rutas, con labores de sinalización, limpeza, dinamización e fomento do turismo ambiental; identificación de flora e fauna, traballos de arqueoloxía, limpeza, escavación, debuxo arqueolóxico, singlado; actividades de voluntariado social con persoas discapacitadas, maiores, etc; todas elas, tarefas que sen dúbida teñen unha incidencia e beneficios directos no contorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.



Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito deveña como exclusivo para a consecución de determinados fins.

Tanto pola súa historia, legado cultural e valor medioambiental, a Illa de Sálvora alberga todos os requisitos e atractivos para que o campo de traballo se asimile pola poboación destinataria como unha gran oportunidade para o desenvolvemento persoal e profesional, así como un contorno no que aportar un sinfín de melloras e que axude a dar coñecemento do valor do mesmo.

V.-Dada a concorrencia de intereses públicos coincidentes en actuar neste ámbito e no exercicio das súas competencias propias, a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira, acordan asinar o seguinte acordo marco de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS



**Primeira:**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira para a organización do campo de traballo "Illa de Sálvora" de temática medioambiental, que se desenvolverá desde o 10 ata o 21 do mes de xullo, na Illa de Sálvora, concello de Ribeira, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.



**DESCRIPCIÓN DO CAMPO:**

Datas campo: 10 a 21 de xullo

Idades: 18 a 30 anos


Ámbito: Internacional

Modalidade: medioambiental

Prazas: 15

**ACTIVIDADE:**

As actividades que desenvolverán os mozos e mozas participantes no campo de traballo consistirán en:



- Control e retirada de especies alóctonas: esta actividade permitirá coñecer de primeira man as diferentes especies que habitan e/ou chegan á illa e o impacto e a repercusión que teñen sobre outras especies e sobre o contorno da illa.
- Arranxo e mantemento de muros e estruturas: Sálvora mantén vivas diferentes estruturas que se foron recuperando. Seguiremos dando continuidade a ese traballo a través da restauración de muros e outras estruturas mediante o traballo artesán de cantería e restauración.
- Vixilancia do marco natural : Mediante esta actividade poñeranse de manifesto os principais piares para preservar o contorno ambiental da illa, coñeceranse de primeira man as premisas que fan deste enclave un lugar singular para o hábitat de diferentes especies e velarase por mantelo. Centrarémonos na transmisión da necesidade de respectar os sendeiros e as zonas visitables da illa, sen invadir aquelas ás que non se ten acceso.
- Control e acompañamento dos visitantes: Ofrecerase aos visitantes, tanto in situ, como preparación para os próximos, unha guía sobre as peculiaridades da illa, así como sobre as normas e os coidados que deben ter en conta. Velarase nas rutas de visitantes polo coidado da illa para ofrecer así a mellor das experiencias. Aprenderase tamén a manter as cotas de visitantes dentro da normativa establecida.
- Seguimento da fauna: A fauna que habita a illa constitúe un valor en si mesma. Coñecerémola de primeira man e mediante fotografías, cadernos de campo, táboas



de visión, etc.. Aprenderemos a facer un seguimento exhaustivo da fauna para o seu coidado e protección. Así mesmo, aprenderemos diferentes técnicas de control de especies invasoras e agresivas en/para o contorno.



Apoio nas funcións de vixilancia da illa: Coñeceremos de primeira man as funcións deste perfil, apoiando estas tarefas, que nos permitirán achegarnos á lexislación que rexe o Parque Nacional.

Gastronomía ambiental: Traballando polo desenvolvemento integral das persoas e coñecendo o perfil do público potencial interesado neste campo de traballo, poñeremos en marcha a gastronomía, como unha tarefa de aprendizaxe na que os participantes elaborarán os seus propios menús, achegándonos a unha cociña tradicional e económica.

Ademais das actividades principais sinaladas, organizaranse actividades complementarias, entre as que se inclúen:



- Observación estelar: Tendo o parque o certificado Starlight auspiciado pola UNESCO, parte das coñecidas veladas irán referidas ao visionado de estrelas e ao coñecemento desta práctica.
- Outdoor training: A escola, gran coñecedora dos beneficios que aporta esta práctica, despois de levala a cabo noutras illas do Parque Nacional como é a illa de Ons, e por mor da gran aceptación e repercusión positiva que obtivo, realizará diferentes probas deportivas, de lóxica e de interacción, que fomentarán actitudes positivas para a vida do grupo.
- Snorckel: Práctica por excelencia para por en marcha no contorno do Parque Nacional. Ademais de coñecer e gozar desta práctica, aportaranos o visionado dos fondos mariños, o coñecemento de especies e o coñecemento das zonas permitidas e idóneas.
- Orientación: Unha actividade estrela no traballo ao aire libre. Dando un paso máis alá, mesturárase con actividades variadas, constituíndo xincanas, para o uso da compás, tiro con arco, rastrexos... Coñecer a illa de punta a punta e case a cegas será o motor base para esta actividade.
- Obradoiros de pesca: Recrearemos as artes de pesca máis utilizadas elaborando nasas, rastros..., e á vez que facemos miniaturas e maquetas das mesmas coñeceremos os pormenores destas artes.
- Elaboración da vídeo-guía: A transmisión do valor da illa cobrará máis forza da man dos propios voluntarios, que poderán elaborar un vídeo divulgativo sobre a súa experiencia na mesma. Así daremos continuidade a este tipo de iniciativas, que manterán vivo o entorno.
- Vivir como fareiros: Un dos grandes atractivos da illa é o faro. Achegarémonos a coñecer o funcionamento do mesmo e a facer diferentes actividades.

**Segunda:**



Para o desenvolvemento do presente convenio a Consellería de Política Social achegará:

- A contía de 8.900 euros (oito mil novecentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 12.05.313A.227.99 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2017, que será abonada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ao Concello de Ribeira promotor do campo de traballo, unha vez finalizado este e logo da presentación da correspondente memoria xustificativa.

- O asesoramento da actividade.

- A reserva e adxudicación das prazas.

- A difusión das actividades obxecto deste convenio mediante a súa inclusión na programación da Campaña de Verán 2017.

Pola súa parte, o **concello** achegará:

- A contía de 2.900 euros (dous mil novecentos euros).

- Encargarase, así mesmo, de contratar e de xestionar a execución do campo de traballo, que comprenderá:

1. A realización do programa de actividades descrito na cláusula primeira.
2. O aloxamento en réxime de pensión completa para os participantes.
3. O transporte necesario para a realización da actividade.
4. O persoal técnico sanitario necesario para o desenvolvemento da actividade.
5. O persoal e material necesario para o desenvolvemento das actividades previstas.

### **Terceira:**

A adxudicación das prazas ofertadas nos campos de traballo será xestionada pola Consellería de Política Social a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ao tratarse de actividades propias incluídas na Campaña de verán 2017.


### **Cuarta:**

O Concello de Ribeira comprométese a desenvolver o campo de traballo conforme ás características descritas na cláusula primeira e a facer constar en toda a publicidade que xere este programa de actividades, tanto impresa como audiovisual, que estas se realizan en colaboración coa Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

### **Quinta:**



A prestación polo Concello de Ribeira das funcións asumidas ao abeiro deste convenio, fai necesario o seu acceso a datos de carácter persoal de cuxo tratamento a Consellería de Política Social é responsable conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.



En consecuencia, o Concello de Ribeira na súa condición de encargado do tratamento de tales datos, e de conformidade co establecido no artigo 12º da Lei orgánica citada, axustarase ao réxime que se establece a continuación: a) tratará os ditos datos de carácter persoal exclusivamente por conta da Consellería de Política Social e conforme ás instrucións desta e ao estipulado neste Convenio; b) non aplicará nin utilizará os referidos datos de carácter persoal con finalidade distinta da prestación das funcións obxecto do convenio nin tampouco os comunicará a terceiros, nin sequera para a súa conservación, salvo nos supostos autorizados ou previstos pola lexislación vixente; c) implementará as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos obxecto de tratamento e os riscos a que estean expostos, xa proveñan estes da acción humana, do medio físico ou natural. Como mínimo, o Concello de Ribeira adoptará respecto de tales datos as medidas de seguridade que resulten esixibles de conformidade co establecido no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; d) unha vez cumprida a prestación do servizo mencionados, o Concello destruírá ou devolverá á Consellería de Política Social os datos tratados, así como tamén calquera soportes ou documentos nos que consten datos obxecto do tratamento, sen prexuízo da conservación polo Concello de tales datos, debidamente bloqueados e nos termos previstos no Real decreto 1720/2007, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa Consellería de Política Social.



**Sexta:**

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización do campo de traballo e da extinción das obrigas previstas neste convenio.

**Sétima:**

Constitúese unha comisión de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento do presente convenio.

A dita comisión estará integrada por:

- A directora do Instituto da Xuventude de Galicia ou funcionario/a en quen delegue.
- O/a secretario/a do Concello de Ribeira ou funcionario/a en quen delegue.

Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Servizo de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en A Coruña.

**Oitava:**



O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

Dado o carácter xurídico administrativo deste convenio, as cuestións litixiosas xurdidas serán resoltas pola conselleira de Política Social, poñendo fin á vía administrativa. Contra estes acordos non procederá recurso administrativo se fora interposto pola outra administración, aínda que potestativamente poderá dirixirse o requirimento previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, ou interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O convenio será rexistrado de acordo co prescrito no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio axústase ao disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

#### **Novena:**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

As partes asinantes do convenio autorizan, así mesmo, que os seus datos persoais e as demais especificacións contidas neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por cuadriplicado exemplar no lugar e datas indicados.

Pola Consellería de Política Social

O conselleiro  
  
José Manuel Rey Varela  


Polo Concello de Ribeira

O alcalde

Manuel Ruiz Rivas

